MANUAL DE USO

“Tom’s backyard” é un espazo web onde calquera persoa pode acercarse a coñecer o mundo dende a perspectiva e o punto de vista dun rapaz que acaba de chegar a Galicia procedente de Irlanda.

Trátase dun proxecto no que nos acercamos a moitas realidades que non son lingüísticas a través dunha lingua coma a inglesa. Así, cegamos ás ciencias en inglés, á historia en inglés, á música en inglés, etc. Os beneficios desta maneira de actuar consisten en que unha lingua ten sentido se pretendemos facer con ela algo concreto, se a utilizamos cunha finalidade útil e necesaria para nós.

Non é o mesmo aprender inglés polo feito de aprendelo, que aprendelo para adquirir un coñecemento científico, para aprender unha canción ou para podernos comunicar cunha persoa real, de carne e óso.

Por ese motivo, esta páxina web está deseñada segundo os aspectos que TOM vai descubrindo na súa nova vida en Galicia. El mesmo clasifica estes coñecementos en apartados, e así podemos atoparnos os seguintes:

1. Me, my family, my people:
2. My house, my new town:
3. Granpa’s stories.
4. Strolling around.
5. My creative corner.
6. The scientist I have inside.
7. Me, a reporter.
8. Experiments in the kitchen.
9. Feeling blue.
10. Funny things.

Non existe un guión fixo para traballar nesta páxina web, posto que é posible comezar polo aspecto que resulte máis interesante, e a partir de aí estenderse cara outros. Aínda que haxa apartados centrados, por ejemplo, en aspectos máis científicos (“The scientist I have inside”), sen embargo pódense atopar actividades e experiencias relacionadas, por ejemplo, co debuxo: un caderno de campo para debuxar especies animais, etc. En definitiva, todo está relacionado: as ciencias coa creatividade, a música coa palabra, a música coa imaxe, etc., porque esta é a maneira en que os rapaces e as rapazas pensan, de maneira asociativa, relacionándoo todo. E esta é a maneira en que os

futuros cidadáns deben pensar: relacionando as cousas, asociando os coñecementos, para sacar partido a todo tipo de realidades.